

Covas vístese de medievo e acolle unha concentración equina

A programación estival de Covas chega esta fin de semana ó seu momento álxido coa celebración dunha feira medieval e dunha concentración equina puntuable para o campionato galego. Ámbalas dúas propostas nacen coa intención de consolidarse e convertirse en anuais.

A directiva da Asociación de Veciños de Covas tiña claro que quería facer unha feira e, ó final, decidiuse por viaxar cara á época medieval. Manuel Basoa, que organizou durante catro anos a de Ferrol e leva máis dunha década na de Betanzos, encargouse de montar o mercado que, con máis dunha vintena de postos, se inaugura mañá venres, ás dez, diante da cooperativa.



Manuel Santiago, Xosé Manuel Cereijo e Manuel Basoa D.A.

“Foi un pouco difícil porque é un sitio pequeno e as datas coinciden coas da feira medieval da Coruña pero imos montar aproximadamente 22 ou 23 postos. Incluso vén un de Xaén. Aínda que a pequena escala, vai ser moi interesante porque vai ter de todo”, explicou onte Manuel Basoa na presentación pública das actividades da fin de semana.

Cabalos > Xosé Manuel Cereijo, presidente da asociación veciñal, explicou neste acto o que será o primeiro Galeoch. Trátase dunha concentración de cabalos que terá probas libres pero tamén outras que puntúan para os campionatos galegos. Será o sábado, de dez da mañá a nove da tarde.

As actividades comezarán cun percorrido a cabalo pola Ruta dos Cabos. Despois comezarán as probas libres, que se desenvolverán pola mañá, entre as 11.30 e as 14.00 horas. Inclúen probas morfolóxicas, de arrastre, enganches e andadura.

As probas da tarde, de sulkys (carruaxes), de andadura e trotóns, desenvolveranse entre as 18.00 e as 21.00 horas. En total, repartiranse máis de 1.100 euros en premios.

“O Galeoch quere establecerse como unha proba anual”, comentou Manuel Cereijo. Nesta idea insistiu ademais o concelleiro de Deportes de Ferrol, o socialista Manuel Santiago. “Espero que se consolide nos anos vindeiros e non nos vaia suceder como cando nos comezos dos 90 arrancou nas Cabazas e ó final foise para Equiocio. Espero que isto quede en Covas e que sexa un evento consolidado, importante e de futuro”, dixo. “Vai dar un cambio trascendental de cara ó exterior”, engadiu.

Axenda > A fin de semana ten outras actividades. Mañá é o Día das Mulleres e Sari Alabau inaugura as exposicións de artesanía ás seis. Pola tarde haberá degustación de produtos de Covas e, de noite, verbena coa orquestra Chaston nas Cabazas. O domingo é o Día dos Lambóns e está previsto un concurso de sobremesas ás 18.00 horas. A entrega de premios e a comida será ás 19.30. Ás 22.00 haberá unha proxección de cine para tódolos públicos.